

A exposición “Fotógrafos da Natureza 2008. Wildlife photographer of the year” ábrese ao público mañá venres, 21 de decembro, no Aquarium Finisterrae da Coruña

Caixanova inaugura no Aquarium da Coruña a nova edición da mostra “Wildlife Photographer of the Year”

A Coruña, 20 de decembro de 2007.- O Aquarium Finisterrae da Coruña acolle a presentación, a nivel nacional, da nova edición da mostra “Fotógrafos da natureza 2008. Wildlife Photographer of the year”. A exposición, que estará aberta ao público desde o venres, día 21 de decembro, ata o próximo 30 de xuño, na sala Isabel Castelo do Aquarium coruñés, exhibese por primeira vez no país na cidade herculina grazas á colaboración entre Caixanova e os Museos Científicos Coruñeses.

O concurso anual “Wildlife Photographer of the year”, organizado pola BBC e o Museo de Historia de Londres co patrocinio de Shell, celebra este ano a súa edición número trinta e catro. Aberto aos fotógrafos profesionais e afeccionados de todas as idades, pretende promover o crecente interese pola natureza e o medio ambiente, converténdose no máis prestixioso certame mundial de fotografía da natureza do panorama internacional. Nesta edición recibíronse máis de 32.000 imaxes procedentes de 78 países. A magnífica colección de instantáneas desta exposición é o mellor expoñente do esplendor, drama e diversidade da vida no planeta Terra. Os estilos e os protagonistas das fotografías son moi variados, a plasmación abstracta da natureza, os retratos de animais, o comportamento máis íntimo dos seres vivos e, mesmo, o efecto do quecemento global.

Nesta edición, a fotografía seleccionada como a máis impresionante e salientable de todas as presentadas foi “Elefante creativo”, do fotógrafo Ben Osborne, que conseguiu capturar esta imaxe despois de tres semanas fotografando animais na estación seca de Botswana. Tamén foron galardoados nas diferentes categorías do concurso Louis-Marie Preau (Francia) por “Voo do moucho nival”, Johan J. Botha (África do Sur) por “O botín do chacal”, Amos Nachoum (Israel-Estados Unidos) por “O gran mísil branco”, Felipe Barrio (España) por “O festín dos xigantes”, Thomas P. Peschak (África do Sur) por “Jaquetón ao amencer” e Sergey Gorshkov (Rusia) por “Mirada de oso”, entre outros.

A ampla variedade de imaxes que conforman a exposición ofrécennos a espectacularidade, a diversidade e a beleza do mundo natural que nos rodea. Ademais, as fotografías ofrecen un amplo abano de motivos e estilos, incluíndo desde retratos o instantáneas que captan un comportamento ata imaxes abstractas e suxestivas da natureza.

A mostra estará aberta ao público desde o 21 de decembro de 2007 ata o 30 de xuño de 2008, en horario de 10.00 a 19.00 horas os días laborables e de 10.00 a 20.00 horas os sábados, domingos e festivos no Aquarium Finisterrae da Coruña.